

PRESENTACION DO LIBRO «DO TEU VERDOR CINGUIDO»

de Victorino Pérez Prieto. A Coruña 14 xaneiro de 1998.

Xosé Antón Miñáñez

1. Agradecemento

Quero enmarcar as miñas palabras de presentación do libro Do teu verdor conguido cunha actitude de agradecemento ó autor, en primeiro lugar polo traballo desas 200 páxinas de prosa áxil, colorista e incisiva, que tan ben reflexan o temperamento comunicador do autor a un tempo apaixonado e afectivo, reflexivo e profético.

2. Ecoloxismo teolóxico para os ecoloxistas e profetismo ecolóxico para os cristiáns

Son páxinas nas que se nos van debullando con moita orde e con lúcida interrelación, tanto o máis substancial da problemática e do pensamento ecoloxista, como das aportacións teolóxicas que dialogan co esforzo humanista por facer da terra unha casa fraterna que non se nos veña abaixo, como certamente ameaza. Podemos dicir que para a causa ecolóxica, Victorino engrosa o grupo dos que desde hai aproximadamente vinte anos, aportan a luz da palabra teolóxica, e para a causa cristiá fai presente a concretez, a amplitude, e a urxencia da problemática ecoloxista como lugar sacramental do encontro con Deus.

Hai moito esforzo e moito logro felizmente divulgador no libro de Victorino, non só de datos, de terminoloxías, de organizacións, senón, sobre todo, **da actitude global ante a vida que caracteriza o mellor nervio do ecoloxismo**, e que Victorino, con outros autores, non dubida en acoller como expresión dunha nova conciencia da humanidade que peta urxentemente á nosa consideración e responsabilidade.

3. Ante unha nova conciencia da humanidade

Se co Renacemento, nos albores da idade moderna, deuse a eclosión dun grao novo da conciencia humana caracterizada polo redescubrimento da liberdade do individuo e da súa interioridade (aventura que aínda permanece e que sempre perdurará); se, tres séculos máis tarde, co pensamento da Ilustración, a humanidade entrou na madurez dunha etapa de pensamento crítico dominado pola deusa razón (e esta conquista debe ser asumida como tarefa constante e fonte de liberación); agora, Victorino Pérez Prieto, súmase con paixón ós que coidan que **co ecoloxismo estamos ante unha nova xeira da conciencia da humanidade**, crítica coa parcialidade das anteriores, porque se redescubre vencellada á sorte do mundo e da materia moito máis do que sospeitáramos, e chamada a unha relación máis respectuosa e de comunión con tódolos seres, sen renunciar á inevitable responsabilidade de exercer de xardineira do mundo ou de conductora do proceso evolutivo. A humanidade sabe cada vez mellor que non pode levar a vida por calquera camiño, e que os que escolla terán que respectar o ser das cousas, e da vida nun verdadeiro rol de cabeza non tiránico senón dialogante e democrático tamén respecto das cousas.

4. Que chama con urxencia ás nosas liberdades

Trátase dunha sensibilidade global, holística, que toma nota da interdependencia entre todo o existente, e que quere facelo para cuidar da vida e non para destragala suicidamente como está acontecendo.

Este novo grao da conciencia da humanidade, está aí, pero aínda en debilidade, aínda moi lonxe do poder decisivo como se evidenciou na última cimeira mundial sobre o cambio climático que tivo lugar o mes pasado en Kiotto. Está aí, e está chamando con urxencia a ser acollida responsablemente.

Lendo as páxinas desta obra na perspectiva crente que ela mesma ofrece, fíxoseme máis evidente que, para os cristiáns, a

causa ecoloxista non é só unha cuestión moral ou ética, senón sobre todo unha cuestión teoloxal na que se xoga a verdade do noso encontro co Deus vivo de Xesús, ou, en negativo, a manifestación do noso autoengaño.

Victorino vainos debuxando, apoiado na mellor tradición bíblica e mística, un modo de presenza de Deus, e polo tanto unha santidad, que é comunión respectuosa e responsable coa vida, non só con esa parte da vida animada que chamamos bioesfera, senón tamén coas cousas máis inanimadas, tamén coa materia que sostén e fai posible a vida, e que dalgún modo son vida, e son sacramentos ou lugares da manifestación cifrada da divinidad.

Falamos dunha comunión non sacralizada, pois a sacralización acabaría prohibindo a acción humana, senón sacramentalizada, que inclúe o respecto, que non reduce a puro obxecto ou "cousa" a realidade, senón que o acolle como gracia, como regalo (de Deus e da comunidade humana) ó mesmo tempo que como invitación a acción e como tarefa.

Falamos tamén dunha responsabilidade que inclúe no seu dinamismo (ó que non sempre chegamos e ó que certamente non poderán chegar todos) a mediación e a preocupación política.

5. Unha palabra profética que fai presente a Palabra de Deus

Desde a súa perspectiva, en parte periodística e acertadísimo divulgadora hai que dicir que a obra de Victorino é, sen embargo densamente teolóxica, porque acerta a presentar a Palabra de Deus coa viveza, coa urxencia, coa promesa como Boa Noticia e tamén coa dramática chamada á conversión que caracteriza a Palabra bíblica e profética.

E agora falo desde a confianza e o testemuño persoal para salientar que estamos ante un libro eficazmente relixioso.

Toda a urxencia e a sensibilidade que Victorino acertou a aproximarme co seu escrito, anovou en min a dobre experiencia de pobreza e de esperanza, de temor e de atracción leda, de

recoñecerme contaminado (vítima e causante contaminador) e de albiscar un camiño de pureza que se me ofrece mediante unha conversión persoal... Características que forman parte da maior parte das experiencias relixiosas, tal como a Biblia e a fenomenoloxía das relixións pon de releve.

Agradezo a Victorino que axudase a sacudir en min o que a Biblia chama "o sono do pecado" (ou da "contaminación") e que tantas veces se vive como tranquila e idolátrica posesión de Deus. Si, e disculpen a linguaxe persoal, a lectura de Do teu verdor cinguido, axudou a volverme orfo de certa posesión de Deus, un pouco espido e ó ventimperio, ó lembrarme proféticamente, que na medida en que Deus se identifica coa vida e coa materia, co próximo concreto e coas étnias e clases colectivas que están sendo exterminadas pola voracidade depredadora da sociedade capitalista; na medida en que está crucificadamente presente nesas realidades, a miña suposta posesión pacífica e tranquila (burguesa e individualista) da divinidad, coma se dun ben calquera se tratase, resulta un engaño. Eu non podo amar verdadeiramente a Deus ignorando as feridas que lle causan un pouquiño máis alá da miña comodidade e comenencia. Xa San Xoan da Cruz se queixaba do autoengaño relixioso cando escribía

"Veo es muy poco conocido Cristo de los que se tienen por sus amigos; pues los vemos andar buscando en él sus gustos y consolaciones amándose mucho a sí, mas no sus amarguras y muertes amándole mucho a el" (Subida al Monte Carmelo, L.2, c.7, 12)

A identificación (que non esgotamento nin reducción) de Deus coa gloria do home que é a vida humana, lembroume vivamente que non podo ser un posuidor de Deus senón só un buscador, un seguidor, un pobre de Deus, un necesitado de encontro, un convocado ó lugar onde vive e me chama, certamente o placer e a festa pero tamén e inseparablemente o lugar da ferida humana e da loita ecolóxica. Esa pobreza, de súpeto resúltame dura. Certo

que me cura dese pecado capital de case tódalas relixións que é pervertir o encontro co Deus vivo en fachendosa e enganosa posesión dun deus manipulable, domesticado e morto, dun ídolo; si, a palabra deste libro resulta terapéutica, pero certamente me acobarda un pouco ó lembrarme que teño que volver nacer de novo dese útero humanizador e empobrecedor que é a causa ecoloxista entendida en profundidade como solidariedade coas persoas, cos pobos e coas cousas.

Por sorte non falta na lucidez da análise e na urxencia ética do libro de Victorino a palabra evanxélica que aporta alento, ánimo, e compañía, coa presentación dun Deus vivido como simpatía aliada ó noso ser máis íntimo e á natureza; como sostén existencial; como enerxía para o crecemento espiritual que atravesa sempre portos doorosos.

Se non é un Deus que poida eu posuir e gobernar, si que, en cambio, é un Deus de encontro real que se me dá, e a quen podo cuidar: un Deus que me sostén e acompaña como Deus, e que paradóxicamente tamén me solicita axuda. E creo que isto resulta esperanzador, e máis cando se nos salienta que non é en complexas sabedorías de razonamentos aptos para listos onde se lle encontra a Deus, senón nun modo de acoller e cuidar a vida, toda vida, que sexa amoroso, agradecido, e responsable, e que non renuncie por temor a deixar a propia pegada e a usar a vida.

Tamén nesto quero agradecer a Victorino a súa aportación teolóxica, que sen pretender ser orixinal, é consciente, sen embargo, de que rescata a mellor orixinalidade da experiencia cristiá.

E hai que dicir que así a teoloxía de Victorino resulta de máis peso por ser claro portavoz dunha experiencia colectiva longamente estilada, e acrisolada nunha tradición que el acolle e que nos mostra nalgúns fitos senlleiros: as tradicións (I e P) do libro do Xénese, o pobo que rezou cos Salmos bíblicos, Xesús de Nazaret, Paulo de Tarso e a súa intuición do Cristo cósmico, Francisco de Asís, Xoán de la Cruz, Teilhard de Chardin,

entre outros, e aportando a reflexión de moitos outros teólogos e pensadores, Moltmann, Leonardo Boff, Panikker, Torres Queiruga, Chao Rego, Ian Bradley, Sallye Mc Fague e un longo etc.

6. Valoración final

Nos temas sobre ecoloxía coido que acertou moi ben o autor a presentar a conciencia e a praxis ecolóxica como apuntando a un novo humanismo global con dimensións políticas e espirituais, que vai máis alá do concreto, da anécdota, precisamente por tomar en serio os problemas e situacións puntuais, permitíndolles camiños que non queden atoados no raquitismo.

Un acerto presentarnos os encontros e vencellos íntimos entre o ecoloxismo e o pacifismo, así como os de ambos co feminismo, e a sintonía profunda coa teoloxía da liberación...

No que toca á teoloxía, xa dixeran que resulta osixenante e terapéutica, a un tempo incómoda e boa noticia.

Convén recoñecer que estamos fundamentalmente ante unhas aportacións teolóxicas testemuñais e kerigmáticas, é dicir, condensadas e **elementais** no máis nobre sentido, e que están requirindo posteriores profundizacións e sistematizacións, aínda que as abundantes referencias bibliográficas da obra nos remitan a lugares onde seguir o fío da reflexión.

Como teoloxía apúntanse sobre todo unhas intuicións fecundas e liberadoras, e un programa de traballo. Isto bótase de ver por exemplo nas rotundas afirmacións sobre a necesidade de superar os vellos dualismos "Corpo-alma" ou "Materia-espírito" máis doados de rexeitar que de substituír. O mesmo se podería dicir respecto da tensión paradóxica entre a **"trascendencia"** e a **"inmanencia"** divina, entre o definitivo e o histórico, entre o destino persoal e o común, entre o posible fracaso histórico e a esperanza cristiá, entre a acción creadora de Deus e a humana.

Coido que, aínda que se afirma, (catro páxinas sobre o Cristo Cósmico pp 144-148) non se reflexiona a penas sobre o

cristoloxía, sobre o papel de Xesús de Nazaret como salvador, nin sobre a necesidade de redención e o modo como Xesucristo poida obrala decisivamente, e todo isto en diálogo co desafío ecolóxico. Neste sentido pode que resulte, se cadra, un pouco desproporcionado o espacio dedicado a outras testemuñas da fe bíblicas ou non.

Pensando no diálogo co ecoloxismo, coido que xunto ás acertadísimas que se apuntan, podería resultar fecunda a perspectiva de Deus como o restaurador, o Deus que nos recicla do mal uso da nosa liberdade, o Deus do perdón que libera da ineludible contaminación das culpas e dos remorsos... Ademáis de útil creo que se trata dunha característica fundamental no Deus bíblico.

[Abundando nisto quizáis resultase fructífera para crentes e non crentes o diálogo sobre a experiencia de pecado e culpa, e un esforzo por buscar equivalencias entre as linguaxes ecoloxistas e as teolóxicas].

Pero estes apuntés non son chata ningunha para a obra de Victorino: é imposible que un só libro o diga todo, e a obra que apunto, ademáis de ser en si mesma enciclopédica, ten que ser colectiva. Para esa obra as aportacións de Victorino coido que son oportunísimas, e se principiei as miñas palabras con agradecemento quero rematalas coa mesma actitude sincera. Gracias Victorino.